



**Observatorio sobre
Muller e Conflitos Armados**



Asociado á Liga Internacional de
Mulleres pola Paz e a Liberdade

Resolución 1325 (2000), das Nacións Unidas

Aprobada polo Consello de Seguranza na súa 4213ª reunión, en 31 de outubro de 2000

O Consello de Seguranza,

Recordando as súas resolucións 1261 (1999), de 25 de agosto de 1999, 1265 (1999), de 17 de setembro de 1999, 1296 (2000), de 19 de abril de 2000, e 1314 (2000), de 11 de agosto de 2000, así como as declaracións pertinentes do seu Presidente, e lembrando tamén a declaración formulada á prensa polo seu Presidente co motivo do Día dedicado polas Nacións Unidas aos Dereitos da Muller e à Paz Internacional (Día Internacional da Muller) a 8 de Marzo de 2000 (SC/6816),

Recordando tamén os compromisos enunciados na Declaración e na Plataforma de Acción de Pequín (A/52/231), así como os contidos no documento final do vixésimo terceiro período extraordinario de sesións da Asemblea Xeral titulado “A muller no ano 2000: igualdade entre xéneros, desenvolvemento e paz para o século XXI” (A/S-23/10/Rev.1), especialmente os relativos á muller e aos conflitos armados,

Tendo presentes os propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas e a responsabilidade primordial do Consello de Seguranza, en virtude da Carta, de manter a paz e a seguranza internacionais,

Expresando preocupación polo feito de que os civís, e particularmente as mulleres e os nenos, constitúen a inmensa maioría dos que son drasticamente afectados polos conflitos armados, mesmo coma persoas refuxiadas ou internamente desprazadas, sufrindo cada vez máis os ataques dos combatentes e de elementos armados, e recoñecendo os consecuentes efectos que esta situación ten para a paz e a reconciliación duradeiras,

Reafirmando o importante papel que desempeñan as mulleres na prevención e resolución dos conflitos e na construción da paz, e enalzando a importancia de que participen en pé de igualdade envolvéndose plenamente en todos os esforzos encamiñados ao mantemento e a promoción da paz e da seguranza, así coma a necesidade de aumentar a súa participación nos procesos de toma de decisións en relación á prevención e resolución de conflitos,

Reafirmando tamén a necesidade de implementar plenamente as disposicións do Dereito Internacional Humanitario e dos Dereitos Humanos que protexan os dereitos das mulleres e as nenas durante os conflitos e despois deles,

Realzando a necesidade de que todas as partes interesadas velen por que nos programas de remoción de minas e de información sobre o perigo da súa existencia téñanse en conta as necesidades especiais das mulleres e das nenas,

Recoñecendo a urxente necesidade de incorporar como principio xeral unha perspectiva de xénero nas operacións de mantemento da paz e, a este propósito, tendo en conta a Declaración de Windhoek e o Plan de Acción de Namibia para a Incorporación da Perspectiva de Xénero nas Operacións Multidimensionais de Apoio á Paz (S/2000/693),

Recoñecendo tamén a importancia da recomendación, contida na declaración feita á prensa polo seu Presidente no 8 de marzo de 2000, para que se imparta a todo o persoal de mantemento da paz adestramento especializado sobre a protección, as necesidades especiais e os dereitos humanos das mulleres e as nenas nas situacións de conflito,

Recoñecendo que o coñecemento do impacto dos conflitos armados nas mulleres e as nenas, a escolla de medidas institucionais eficaces para garantir a súa protección e unha plena participación no proceso de paz poden contribuír significativamente ao mantemento e fomento da paz e a seguranza internacionais,

Levando en consideración a necesidade de consolidar os datos acerca do impacto dos conflitos armados sobre as mulleres e as mozas,

1. *Insta* aos Estados Membros a velar polo aumento da representación da muller en todos os niveis de toma de decisións nas institucións nacionais, rexionais e internacionais, ben como nos mecanismos para a prevención, a xestión e a resolución de conflitos;
2. *Encoraxa* ao Secretario Xeral a que implemente o seu plan de acción estratéxico (A/49/587) no que se apunta cara a un aumento da participación da muller nos niveis de toma de decisións na resolución de conflitos e nos procesos de paz;
3. *Apela urxentemente* ao Secretario Xeral a que nomee a máis mulleres como representantes especiais e enviadas especiais para a consecución de bos oficios no seu nome e, a ese propósito, pide aos Estados Membros que presenten candidaturas ao Secretario Xeral, co fin de seren incluídas nunha lista centralizada que se actualice regularmente;
4. *Insta tamén* ao Secretario Xeral a que trate de incrementar o papel e a contribución das mulleres nas operacións de campo das Nacións Unidas, especialmente entre as observadoras militares, a policía civil e o persoal dedicado aos dereitos humanos e a servizos humanitarios;

5. *Manifesta* a súa vontade de incorporar unha perspectiva de xénero nas operacións de mantemento da paz, e apela ao Secretario Xeral a que vele por que, cando proceda, as operacións sobre o terreo inclúan un compoñente de xénero;

6. *Solicita* ao Secretario Xeral que poña á disposición aos Estados Membros regulamentacións e material de adestramento sobre a protección, os dereitos e as necesidades especiais das mulleres, ben como sobre a importancia da participación das mulleres nas medidas de mantemento e construción da paz, convidando aos Estados Membros a que incorporen eses elementos, así como o adestramento con vistas á concienciación respecto do VIH/SIDA nos seus programas nacionais de capacitación das forzas militares e da policía civil en vías de mobilización, e roga ao Secretario Xeral que vele por que o persoal das operacións de mantemento da paz reciba un adestramento semellante;

7. *Apela urxentemente* aos Estados Membros a que aumenten o seu apoio financeiro voluntario, técnico e loxístico destinados ás actividades de adestramento co fin de sensibilizar sobre as cuestións de xénero, incluídas as que levan a cabo os fondos e programas pertinentes, entre outros o Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller e o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia, así como a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados e outros órganos pertinentes;

8. *Pide* a todas as partes envolvidas que, por ocasión das negociacións e da implementación de acordos de paz, adopten unha perspectiva de xénero, na que se teña en conta e se inclúa, entre outras cousas:

a) As necesidades especiais das mulleres e das nenas durante a repatriación e o reasentamento, así como durante a rehabilitación, a reintegración e a reconstrución despois dos conflitos;

b) Medidas para apoiar as iniciativas locais de paz das mulleres e os procesos autóctonos de resolución de conflitos, facendo participar ás mulleres en todos os mecanismos de implementación dos acordos de paz;

c) Medidas que garantan a protección e o respecto dos dereitos humanos das mulleres e das nenas, particularmente no relativo á constitución, ao sistema electoral, á policía e ao sistema xudicial:

9. *Exhorta* a todas as partes envolvidas nun conflito armado a que respecten plenamente a lei internacional que se aplica aos dereitos e á protección das mulleres e nenas, especialmente en calidade de civís, e en particular as obrigacións correspondentes en virtude dos Convenios de Xenebra de 1949 e os seus Protocolos Adicionais de 1977, a Convención sobre os Refuxiados de 1951 e o seu Protocolo de 1967, a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979, o seu Protocolo Facultativo de 1999, a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Nenos de 1989 e os seus dous Protocolos Facultativos de 25 de maio de 2000, ben como a que teñan presentes as disposicións pertinentes do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional;

10. *Insta* a todas as partes envolvidas nun conflito armado a que adopten medidas especiais de protección das mulleres e das mozas contra violencia de xénero, particularmente a violación e outras formas de abusos sexuais, e todas as outras formas de violencia en situacións de conflito armado;

11. *Realza* a responsabilidade de todos os Estados de poñer fin á impunidade e de procesar aos culpábeis de xenocidio, crimes contra a humanidade e crimes de guerra, mesmo os relacionados coa violencia sexual, ou de calquera outro tipo, contra as mulleres e as nenas e, a este respecto, subliña a necesidade de, sempre que sexa viábel, excluír eses crimes das disposicións de amnistía;

12. *Apela* a todas as partes envolvidas nun conflito armado a que respecten o carácter civil e humanitario dos campamentos e asentamentos de refuxiados e a que teñan en conta as necesidades particulares das mulleres e das nenas, mesmo no deseño dos campamentos e asentamentos, e recorda as súas resolucións 1208 (1998), de 19 de novembro de 1998, e 1296 (2000), de 19 de abril de 2000;

13. *Alenta* a todos os que participen no proceso do desarme, a desmobilización e a reintegración, a que teñan presentes as necesidades distintas dos excombatentes segundo sexan do xénero feminino ou masculino e teñan en conta as necesidades das persoas deles dependentes;

14. *Reafirma* o seu propósito de, sempre que se adopten medidas en virtude do Artigo 41 da Carta das Nacións Unidas, dar especial atención ao potencial impacto que podería ter sobre a poboación civil, tendo en conta as necesidades particulares das mulleres e das nenas, a fin de considerar a posibilidade apreciar a tomada de medidas apropiadas de exención humanitaria;

15. *Expresa* a súa disposición a velar por que nas misións do Consello de Seguranza se teñan en conta as consideracións sobre xénero e os dereitos da muller, incluso realizando consultas cos grupos locais e internacionais de mulleres;

16. *Convida* ao Secretario Xeral a levar a cabo un estudo sobre os impactos dos conflitos armados nas mulleres e nenas, o rol das mulleres na construción da paz e as dimensións de xénero dos procesos de paz e a resolución de conflitos e, alén diso, convida a someter ao Consello de Seguranza un informe cos resultados dese estudo e a poñendoos á disposición de todos os Estados Membros das Nacións Unidas;

17. *Solicita* ao Secretario Xeral que, segundo proceda, indique, nos informes que envía ao Consello de Seguranza, os progresos verificados na implementación da perspectiva de xénero como principio xeral en todas as misións de mantemento da paz e todos os outros aspectos relacionados coas mulleres e as nenas;

18. *Decide* seguir ocupándose activamente desta cuestión.